



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE FRIOL

Art. 1.- Fundamento e natureza.- Ao abeiro do previsto no art. 41 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo) de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do devandito texto legal, o Concello de Friol establece o prezo público pola presentación do servizo de Punto de Atención á Infancia que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Art. 2.-Feito impositivo.- Constitúe o feito impositivo do prezo público a estancia ou asistencia dos usuarios dos servizos do punto de atención á infancia do Concello de Friol.

Art. 3.-Suxeitos pasivos.- Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten os servizos para as persoas beneficiarias dos mesmos

Art. 4.- Responsables.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión. As responsabilidades esixiranse, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Art. 5.- Cota tributaria.- As cotas a satisfacer polo prezo público obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte.

Art. 6.-Cotas.- As tarifas en horario ordinario, de luns a venres, serán as seguintes:

- Prezo pola asistencia continuada (8 horas diarias) ao Punto de Atención á infancia do Concello de Friol: 110 € mensuais.
- No caso de que a asistencia sexa de 6 horas diarias, o prezo será de 95 € mensuais.
- No caso de que a asistencia sexa de 5 horas diarias, o prezo será de 80 € mensuais.
- No caso de que a asistencia sexa de 4 horas diarias, o prezo será de 65 € mensuais.
- No caso de que a asistencia sexa de 3 horas diarias, o prezo será de 50 € mensuais.
- No caso de que a asistencia sexa de 2 horas diarias, o prezo será de 33 € mensuais.

Según a renda percápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións establecidas no Decreto 70/2002 de 28 de febreiro sobre centros de atención á infancia dependentes da normativa autonómica (ou normativa que o substitúa), en función da renda percápita mensual da unidade familiar:

- Inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional, redución do 100%
- Entre o 50 e o 75 % do salario mínimo interprofesional, redución do 70%
- Superiores ao 75 % do salario mínimo interprofesional, redución do 40%
- Entre o 100 e o 150 % do salario mínimo interprofesional, redución do 10%

- Prezos por horas soltas: o prezo da hora solta será de 3 euros.

- No obstante, poderanse adquirir bonos, polos seguintes prezos:

- 10 horas: 20 euros
- 20 horas: 40 euros

Art. 7.- Beneficios fiscais.- Establécense as seguintes bonificacións:

- 20% no caso de nenos/as que pertencen a familia numerosa.
- 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- 20% no caso de asistencia dalgún irmán ao mesmo centro de atención á primeira infancia e 30% no caso de parto múltiple.
- 20%,no caso de unidades familiares perceptoras da prestación autonómica de pagamento único por fillo menor a cargo, para o ano correspondente.

Os anteriores descontos, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Art. 8. - Suspensión temporal da cota.- Os suxeitos ao pago da cota á que fai referencia o art. 6º, non terán obriga do seu abono durante os seguintes períodos:

- a) No mes de vacacións anual.
- b) Cando por calquera motivo distinto ao período vacacional o centro permaneza pechado por un período superior a 15 días.
- c) Cando por causas debidamente xustificadas o menor deixe de asistir temporalmente ao P.A.I.. Neste caso, estará exento do pago da cota mensual a partir do primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de ausencia ao centro. A suspensión da cota durará ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación do menor ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao devandito mes reducirase no 50%.

Art. 9. - Devengo e obriga de pagamento.- O prezo público devénganse e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo do punto de atención á infancia. Establecido e en funcionamento o servizo, as cotas aboaranse polos suxeitos pasivos nos dez primeiros días de cada mes e serán irreducibles. Non se aboará a cota do mes de vacacións correspondente ao verán. Non será de aplicación esta exención ás vacacións distintas ás estivais, agás causa debidamente xustificada.

Se con carácter excepcional o centro estivese pechado durante un período superior a 15 días consecutivos, non se aboará a cota correspondente a dito período.

A non asistencia no neno/a durante un período determinado non suporá a redución na cota a pagar, salvo causa debidamente xustificada ou mentres non se formalice a baixa correspondente.

O suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa; nestes casos ordenarase o cargo en conta bancaria durante os primeiros dez días do período de pago.

Art. 10. - Infraccións e sancións.- En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- Para todo o non previsto neste texto será de aplicación a regulación contida no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o regulamento de servizos dos entes locais, Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a demais normativa tributaria que lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do punto de atención á infancia entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."